



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO XURADO “XXIII CERTAME FRANCISCO AÑÓN DE POESÍA” DO CONCELLO DE OUTES

Nesta vinte e tres edición do certame e fieis ao seu espírito, seguimos co obxectivo de promover os valores creativos e literarios da nosa lingua. A través da concellaría de cultura, desexamos un ano máis, apoiar os novos valores da nosa cultura e as nosas letras, para que deste xeito sirva de estímulo aos novos e novas escritores e escritoras no eido da poesía.

Sendo as 17:00 horas do mércores 10 de abril de 2019, reúnense na casa da cultura do Concello de Outes, as persoas que a continuación se indican:

D^a. María Dolores Villanueva Gesteira. Malores Villanueva. Escritora, editora e profesora de lingua e literatura galega no ensino secundario e bacharelato.

D^a. Ángeles Rial Vidal. Anxos Rial, mediadora de club lectura e profesora de lingua e literatura galega no ensino secundario e bacharelato.

D. José María Lores Pérez. Coordinador da biblioteca escolar e profesor de ensino secundario e bacharelato.

D^a. Celia Parra Díaz. Poeta e produtora audiovisual.

D. Manuel García Fiúza. Concelleiro de cultura do Concello de Outes

Intervén como secretario, Santiago Nieto Romarís, quen levanta acta e, a continuación, comenta as bases que rexen o devandito certame, pasando copia destas a todas as persoas do xurado.

Seguidamente procédese á entrega dos poemarios que se recibiron dentro do prazo sinalado.

Queda fixada a próxima reunión para o xoves 9 de maio de 2019 na casa da cultura do Concello de Outes, ás cinco da tarde.

Levántase a sesión sendo as seis da tarde, sen máis asuntos que tratar. E para que conste, asíñase a seguinte acta por todas as persoas do xurado do “XXIII Certame Francisco Añón de poesía”.

Outes, 10 de abril de 2019



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

ACTA DO DITAME DO XURADO “XXIII CERTAME FRANCISCO AÑÓN DE POESÍA” DO CONCELLO DE OUTES

Ás cinco da tarde do día 9 de maio de 2019, reúnense por segunda vez na casa da cultura do Concello de Outes, o xurado do “XXIII Certame Francisco Añón de poesía”, formado por:

D^a. María Dolores Villanueva Gesteira. Malores Villanueva. Escritora, editora e profesora de lingua e literatura galega no ensino secundario e bacharelato.

D^a. Ángeles Rial Vidal. Anxos Rial, mediadora de club lectura e profesora de lingua e literatura galega no ensino secundario e bacharelato.

D. José María Lores Pérez. Coordinador da biblioteca escolar e profesor de ensino secundario e bacharelato.

D^a. Celia Parra Díaz. Poeta e produtora audiovisual.

D. Manuel García Fiúza. Concelleiro de cultura do Concello de Outes

Intervén como secretario, con voz e voto, Santiago Nieto Romarís, quen levanta acordo. Aberto o acto, procédese á selección das persoas galardoadas, tal e como segue a continuación:

Categoría A: Nenos/as de 6 a 7 anos:

Primeiro premio -vale de 120 euros a trocar en libros e publicación- para a composición titulada “A miña gatiña negra” aberta a plica, resulta ser da autora Kiara De Blas Sánchez, de 7 anos de idade, estudante do CEIP Agro do Muíño. Brión. O xurado decide que é merecente do primeiro premio pola descrición exhaustiva e moi traballada da súa composición. Empregando unha linguaxe moi correcta e acertada, ao tempo que vai xogando con grande habelencia coa rima.

Accésit compartido -publicación da obra- para os traballos “A natureza que beleza” “Soños” “Melodía de felicidade” e “O outono”. Abertas as plicas os traballos, corresponden ás autorías de Marta Lorenzo Dieste, de 6 anos de idade estudante no CEIP de Cespón. Boiro; Seixo Camino Neira, de 6 anos de idade e estudante no CEIP do Foxo; Iria Ferradáns Buján de 6 anos de idade estudante no CEIP do Foxo; Aroa Nercellas Ruibal de sete anos de idade estudante no CEIP do Foxo, respectivamente.

Con respecto ao traballo titulado “A natureza que beleza” o xurado valora o acerto da autora no tratamento que fai cos elementos da natureza, da luz e da fermosura ao longo da composición. Da composición “Soños” o xurado destaca a creación poética do autor e as imaxes tan potentes que foi logrando.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Do poema “Melodía de felicidade” o xurado destaca o acertado mundo metafórico que a autora crea arredor do concepto de ledicia.

En canto á poesía “O outono” destaca o imaxinario poético que vai tecendo a autora tan maxistralmente ao longo da composición.

Categoría B: Nenos/as de 8 a 9 anos:

O xurado outorga o primeiro premio 120 euros en libros e publicación, á poesía titulada “Nai”. Aberta a plica, corresponde a autoría de: Laura Teixeira Ferreira, alumna de oito anos natural de Tomiño, e estudante do CEIP Barrantes. A autora elabora unha oda á súa nai. Destaca o xogo que fai co encadeamento dos versos, conseguindo un óptimo resultado á vez que transmite moita tenrura.

O xurado premia con accésit compartido, publicación dos traballos: “O tempo” de Iker Da Costa Vicente, de oito anos de idade e natural de Barrantes, Tomiño, Pontevedra, estudante no CEIP Barrantes. O xurado quixo destacar da súa composición, a mestría do autor co seu traballo; como baixo a sinxeleza previa do poema, soubo agochar reflexións moi fondas e profundas.

O segundo accésit compartido é para o poema “Unha pedra” aberta a plica corresponde a Alex Da Costa Vicente, de oito anos de idade e natural de Barrantes, Tomiño, Pontevedra, estudante no CEIP Barrantes. O xurado destacou a estrutura paralelística e a disposición que fai da tipografía, así como a “complexidade simbólica” coa que dota ao nome “pedra”, e como o autor parte dese concepto para chegar ao amor.

Categoría C: Nenos e nenas de 10 a 11 anos:

Primeiro premio acaeu no traballo titulado “*Viaxeiros sen destino*” -180 euros e publicación- aberta a plica correspondeu á autoría de Anxo Cambeiro Rodríguez de once anos de idade, natural de Cee e estudante no CEIP Eugenio López. O xurado valora, a estrutura paralelística do poema e a súa musicalidade, as orixinais comparacións que emprega, así como a expresión que fai do amor como tema central do traballo.

O xurado outorga accésit, (publicación) ao traballo “*Serra, entre mar e terra*”. Aberta a plica o traballo corresponde á autoría de Soraya Paredes Negreira, de once anos de idade natural de Santa Comba e estudante no CEIP Barrié de la Maza. O xurado valora a reivindicación poético-literaria que fai a autora, da terra de Outes. O traballo que a autora presenta nun principio baixo unha estrutura popular e pouco atractiva, -a xeito de composición costumista- logra pola contra imprimirlle un xiro, conseguindo finalmente un resultado efectista e moi ben argallado.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Categoría D: Rapaces e rapazas de 12 a 14 anos:

O poemario gañador –publicación e 210 euros en libros- foi para o traballo titulado “*Queridos adultos*”. Aberta a plica, corresponde á autoría de Carmen Yuan Cabrera Barcala, de trece anos de idade, natural de Boiro. A Coruña, e estudante no CPR Plurilingüe La Milagrosa- Josefa Sobrido de Oleiros, Ribeira. O xurado valora a madurez da composición. A autora aborda unha temática dura e realista, a modo de alegación poética en defensa dos dereitos da infancia, nos países en conflito. Visibiliza no poema, a cuestión das desigualdades da infancia, responsabilizando aos adultos desta situación.

O xurado outorga accésit compartido (publicación) aos traballos presentados co título “*O meu canciño pequeno*” e “*Area*”. Abertas as plicas, corresponden á autoría de Alexandre Fernández Morán de doce anos, natural de Tomiño, e estudante no CEIP Barrantes; Ariadna Gómez Méndez de trece anos de idade, natural de Ferrol e estudante no CPR Tirso de Molina.

Da composición “*O meu canciño pequeno*” o xurado destaca o engarce que vai facendo o autor, os recursos estilísticos de repetición e as comparacións que fai ao longo do poema. En canto ao traballo titulado “*Area*” o xurado destaca a estrutura paralelística moi definida da poesía. Así mesmo resulta moi interesante e ben traballadas as metáforas que emprega “...e se eu son o mar e ti es o “todo”?” “...e se só queda area?” Dotando a todo o poema dunha grande carga reflexiva.

Categoría E: Mozos e mozas de 15 a 17 anos:

O poemario gañador á estimanza do xurado foi para o traballo titulado “*Katabasis*” que se acompañou do lema *Jean Seberg*. Aberta a correspondente plica resultou ser a autora Isolda Comesaña Alcaraz de dezasete anos de idade, natural de Vigo, e estudante no IES Alexandre Bóveda da súa localidade e á que lle corresponden 450 euros e publicación da obra. O xurado quere resaltar a aposta que fai a autora ao longo do seu poemario, por esa linguaxe e imaxinario poético moi potente e de grande intensidade, sensualidade e incluso violencia coa que vai impregnando a súa obra.

O xurado outorga accésit (publicación) ao traballo presentado co título “*Interfase*” co pseudónimo *Oh, Capitán, o meu capitán!* Aberta a plica, corresponde á autoría de Sofía Ferreiro Bello, de 17 anos, natural de Vigo e estudante no IES Rosais 2 da mesma cidade. O xurado destaca a interesante e depurada linguaxe que emprega ao longo de todo o traballo.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Categoría F: Maiores de 18 anos:

O poemario gañador desta categoría- 1300 euros e publicación da obra- é para o traballo titulado “*Agora que nos roubaron*” que se acompañou do lema *Aira*. Aberta a plica resultou ser a autora Mariña López Varela, natural de Santiago de Compostela. O xurado destaca a reivindicación que fai a autora ao longo de todo o traballo, da identidade propia. A importancia de primar o propio desexo e identidade fronte ás influencias dos outros –alleos-. Dende unha conciencia e perspectiva feminista vai dotando ao poemario así mesmo dunhas imaxes poéticas moi interesantes. Toda a composición está construída a base de poemas moi ben estruturados e compactos. Imprime unidade e madurez a toda a súa obra, cunha voz propia e persoal que ecoa ao longo do poemario. A autora consegue con grande acerto e innovación superar o desamor coa reivindicación e o respecto a si mesma.

O xurado concedeu o accésit –publicación- ao poemario titulado “*O latente*”. Aberta a plica resultou ser da autoría de Iris Carro González, natural de Bertamiráns, Ames. O poemario que nos presenta, trata temáticas como: a vida, o avó, o pai, a volta ás orixes, a esperanza, o paso do tempo... Un traballo de grande carga sentimental e amorosa, rítmica, nostálgica. Cunha estrutura de versos delicados, coidados na forma, e que transmiten sensacións. Tamén achamos diferentes referencias culturais da literatura clásica como o mito de “*Penélope*”, ou outras como a *imaxe dos círculos concéntricos, do xeroglífico, das encrucilladas, o círculo da infancia*...que imprimen consistencia e peso a toda a composición.

Remátase a sesión sendo as 19:30 horas.

E para que así conste, asinan a acta todas e cada unha das persoas que integran o xurado do “XXIII Certame Francisco Añón de poesía”.

Outes, 9 de maio de 2019
